

Cuevillas, nº 4 e 6 baixo (Ourense), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuarse a comparecencia, a notificación entenderase producida desde o día seguinte.

Ourense, 9 de agosto de 2010.

Ricardo Ignacio Vecillas Rojo  
Xefe territorial de Ourense

#### ANEXO

Expediente: 320400810009.

Interesada: Pilar Casal Álvarez.

Acto de notificación: resolución.

## PORTOS DE GALICIA

*Acordo do 6 de agosto de 2010, da Zona Centro, polo que se anuncia a apertura dunha convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións deportivas nas instalacións náutico-deportivas do porto de Fisterra.*

Ao estaren vacantes 29 prazas nas instalacións náutico-deportivas do porto de Fisterra, anúnciase a apertura dunha convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións deportivas nas ditas prazas, polo período necesario para que se cubran todas as prazas ou Portos de Galicia decida pechalo por razóns de interese portuario, que se rexerá polo prego de bases e o de condicións aprobados para os efectos, que estarán á disposición dos interesados nas oficinas da Zona Centro de Portos de Galicia, sitas na avenida Alférez Provisional, 5-1º, 15006 A Coruña, nas oficinas de Portos de Galicia no porto de Fisterra e na páxina web de Portos de Galicia [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com) (epígrafe de solicitudes de autorización de atracadas).

O prazo para a presentación de solicitudes comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Ábrese, así mesmo, un prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar por escrito nas oficinas mencionadas anteriormente as alegacións que consideren oportunas relativas a esta convocatoria.

A Coruña, 6 de agosto de 2010.

Lorena Solana Barjacoba  
Enxeñeira xefa da Zona Centro de Portos  
de Galicia

*Acordo do 13 de agosto de 2010, da Zona Centro, polo que se anuncia a apertura dunha convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións deportivas nas instalacións náutico-deportivas do porto de Palmeira.*

Ao estaren vacantes 22 prazas nas instalacións náutico-deportivas do porto de Palmeira, anúnciase a apertura dunha convocatoria pública para a presentación de solicitudes de autorizacións de atracada para embarcacións deportivas nas ditas prazas, polo período necesario para que se cubran todas as prazas ou Portos de Galicia decida pechalo por razóns de interese portuario, que se rexerá polo prego de bases e o de condicións aprobados para os efectos, que estarán á disposición dos interesados nas oficinas da Zona Centro de Portos de Galicia, sitas na avenida Alférez Provisional, 5-1º, 15006 A Coruña, nas oficinas de Portos de Galicia no porto da Pobra do Caramiñal e na páxina web de Portos de Galicia [www.portosdegalicia.com](http://www.portosdegalicia.com) (epígrafe de solicitudes de autorización de atracadas).

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o día 6 de setembro ás 9.00 horas.

Ábrese, así mesmo, un prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas e entidades interesadas poidan presentar por escrito nas oficinas mencionadas anteriormente as alegacións que consideren oportunas relativas a esta convocatoria.

A Coruña, 13 de agosto de 2010.

Lorena Solana Barjacoba  
Enxeñeira xefa da Zona Centro de Portos  
de Galicia

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE AMES

*Anuncio.*

A Xunta de Goberno local do Concello de Ames, en sesión realizada o día 30 de xuño de 2010, acordou aprobar inicialmente o estudo de detalle e sometemento a audiencia dos interesados do proxecto de normalización de predios da URO B7-15 do PXOM promovido por José Luis Pérez Donsión, en representación de *Ames Bertan, S.L.*